

ACTA 2 DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN PARA UN POSTO DE TÉCNICO/A EN ADMON. PÚBLICA

PLAN CONCELLOS 2021 LIÑA 3

No Centro de Desenvolvemento Local de Ponteareas, sendo as 09:30 horas do día 12 de maio de 2021, reúnese o tribunal nomeado por resolución da alcaldía de 30 de marzo de 2021, que valorará ás/aos aspirantes á oferta de emprego 12-2021-1831, correspondente a un posto de Técnico/a en Admon. Pública, aprobada por Decreto 2021 – 0647, de 17 de marzo de 2021.

Dos membros do tribunal, nomeados segundo a citada resolución e convocados para o día de hoxe, están presentes os seguintes:

D. Carlos López Quintáns, en calidade de Presidente; D. Manuel Martínez Pérez, en calidade de secretario; Dna. Ana M.^a Rial Acosta, en calidade de vogal; D. Carlos Potel Alvarellos, en calidade de vogal e D. Xurxo Gómez Alonso, en calidade de vogal.

Existindo quórum para a celebración do tribunal e segundo o establecido no punto 7, das bases de selección, procédese a realización da proba práctica, obrigatoria e eliminatoria e ás valoracións dos criterios de inclusión social, proba oral e valoración de méritos.

Na revisión da documentación aportada polos/as aspirantes relativa aos criterios de inclusión social, (declaración xurada ao efecto), obsérvanse contradicións entre dita declaración e a documentación presentada (contratos de traballo, vida laboral, etc.), no senso de non quedar claro os ingresos, ben individuais ou da unidade familiar, polo que o tribunal acorda requerir aos aspirantes para que nun prazo de 5 días hábiles aporten a seguinte documentación referida ao ano 2020:

- Vida laboral: aportarse en todo caso.
- Certificado de retencións e ingresos a conta. Trátase do documento que xustifica as retencións que se practicaron por IRPF no exercicio fiscal correspondente. As empresas están obrigadas a entregarllo aos seus



traballadores para que se vexa todo o que se retivo durante o tempo que estiveron prestando os seus servizos. Leste ten que ser o orixinal e estar asinado, xa que se non é así podería resultar inválido.

- Declaracións da renda dos membros da unidade familiar referida ao exercicio do ano 2020.
- No caso de non ter a obriga de presentar a declaración da renda: certificado negativo da AEAT.
- Certificado integral de prestacións emitido pola Seguridade Social.

Polo que o tribunal acorda aplazar a sesión de valoración, ata que remate o prazo de recepción da documentación requerida.

Sendo a 10:45 horas do día 02 de xuño de 2021, reanúdase a sesión de valoración, iniciada o 12 de maio de 2021, estando presentes os seguintes membros do tribunal:

D. Carlos López Quintáns, en calidade de Presidente; D. Manuel Martínez Pérez, en calidade de secretario; Dna. Ana M.^a Rial Acosta, en calidade de vogal e D. Xurxo Gómez Alonso, en calidade de vogal.

Existindo quórum para a celebración do mesmo, procédese a revisión da documentación aportada polos/as aspirantes, para acreditar os méritos de inclusión social. No caso do aspirante ISIDORO RIVERA OTERO, a puntuación outorgada nese apartado e 0 puntos, dado que non acredita os ingresos por pensión do seu pai, que fai constar na declaración xurada, como membro da unidade familiar.

As puntuacións obtidas polos/as candidatos/as son as seguintes:

APELLIDOS E NOME	DNI	PROBA PRÁCTICA	INCLUSIÓN SOCIAL	PROBA ORAL	VALORACIÓN MÉRITOS		PUNTOS TOTAIS
					FORMACIÓN	EXPERIENCIA	
ACUÑA CASALDERREY MARIA NIEVES	***	EXCLUIDA					
CABALEIRO MOLANES PATRICIA	***1364**	1	0,2	0,25	1,35	1,6	4,40
ESTEVEZ GARCIA SUSANA	***1398**	1,65	0	0,15	1,4	1,6	4,8
PORTAS MARTINEZ MANUEL	***	EXCLUIDO					



		EXCLUIDO					
POUSA CONTRERAS LUIS	***						
REDONDO GÁNDARA MIRIAM	***6001**	1,85	0,1	0	0,3	1,6	3,85
RIVERA OTERO ISIDORO	***1041**	1,7	0	0	0,4	0	2,10

Visto o cal, este tribunal propón ao órgano competente a contratación de: **SUSANA ESTÉVEZ GARCÍA**. No caso de renuncia ou baixa, propónse a contratación do seguinte candidato/a da lista, en orden de maior puntuación.

Sendo as 11:30 horas do día 02 de xuño de 2021 e de orde do presidente, levántase a sesión da que eu, como secretario dou fe mediante a presente acta.

D. Carlos López Quintáns

D. Manuel Martínez Pérez

Documento asinado electrónicamente

Contra o presente acto, poderase interpoñer recurso de alzada ante o tribunal de valoración ou ante o órgano que o nomeou, no prazo dun mes, a partir do día seguinte a súa publicación, no taboleiro de anuncios do concello, de acordo co establecido, nos artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

